

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 5 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o libro galego, no que se refire á tradución a outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego e á tradución ao galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

De acordo coas atribucións que asigna o marco competencial, correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria favorecer o enriquecemento cultural na sociedade galega e poñer á súa disposición materiais para o seu desenvolvemento persoal do campo da creación, do pensamento, da técnica, do lecer ou de calquera outro en que as persoas poidan expresarse, formarse ou transformar a súa percepción esencial do mundo en que habitan.

Así mesmo, é competencia desta consellería favorecer a difusión da produción intelectual e creativa de Galicia noutras culturas e, ao mesmo tempo, facilitar o acceso da cidadanía galega aos textos producidos orixinalmente noutras linguas e territorios, co fin de contribuír ao intercambio cultural e á configuración dunha sociedade plural e integradora.

Por este motivo, dentro das responsabilidades que lle competen, no uso das facultades que se lle conferiron, e de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establece as correspondentes liñas de subvención para a versión en galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas e para a versión noutras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego, de maneira que se poidan encontrar na nosa comunidade e na nosa lingua os textos significativos producidos no exterior, ao mesmo tempo que as nosas autoras e autores contan con vías para exportar a súa produción.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere, con esta orde, establecer un instrumento que, conforme a normativa legal vixente, marque as pautas para unha distribución, segundo os criterios de publicidade, obxectividade e concorrència, dos recursos destinados ao libro, axustada ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: wlixcv6-iyot7-dsw7-hrs7-phhwzxnk7qs1



Na súa virtude, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Finalidade e obxecto*

1. Convócanse axudas á produción editorial para apoiar o libro galego, no que se refire á tradución a outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego e á tradución ao galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas.

2. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrència competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrència sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación que se axustará aos preceptos contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As axudas establecidas nesta orde para apoiar o libro galego, no que se refire á tradución a outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego e á tradución ao galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas, quedan suxeitas ao Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1).

4. No desenvolvemento desta orde, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega.



d) Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

E, supletoriamente:

e) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, reguladora dos requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico que resultan de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

f) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2. *Imputación orzamentaria e contía*

1. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432A.770.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, por un importe de 90.000,00 euros e, con cargo aos orzamentos de 2017, a cantidade de 110.000,00 euros.

2. A contía máxima adxudicada por medio desta orde ascende a douscentos mil euros (200.000,00 €), do seguinte modo:

a) Para a tradución desde outras linguas para o galego destínase o 60 % do orzamento total previsto, polo que se asigna unha contía de 120.000 €.

b) Para a tradución desde o galego para outras linguas destínase o 40 % do orzamento total previsto, polo que se asigna unha contía de 80.000 €.

c) Quedarán excluídos destas axudas aqueles proxectos que, logo de aplicado o baremo previsto nesta orde, acaden unha puntuación inferior ao 50 % do máximo total.

d) A contía fíxase en 20 € por páxina, como máximo.

e) O cómputo e a determinación da contía realizarase sobre unha páxina estándar de 30 liñas por 60 caracteres, para un total de 1.800 caracteres.

CVE-DOG: wixrcv6-iyot7-dsw7-hrs7-phhwzxnk7qs1



f) A axuda non pode superar en ningún caso os 6.000 €.

O importe final adxudicado a cada proxecto determinarase proporcionalmente ao resultado da valoración resultante da aplicación do baremo establecido no artigo 7.3 desta orde, coas limitacións establecidas neste artigo.

3. Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, se o importe total que perciba o beneficiario non supera a porcentaxe máxima do investimento.

4. Este importe inicial pode ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. As axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites sinalados no Regulamento (UE) núm. 1407/2013. A contía total das axudas *de minimis* concedidas a unha empresa non poderá exceder dos 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Este limiar aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido. As axudas *de minimis* non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se a dita acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

Artigo 3. *Requisitos das entidades solicitantes*

1. Poderán optar a estas axudas todas aquelas entidades que acrediten a súa condición de editoras, de acordo co establecido no artigo 4.b) desta orde.

En todo caso, estarán suxeitas ás limitacións que establece o punto seguinte deste artigo.

2. Non poden beneficiarse das axudas recollidas nesta orde aqueles solicitantes que se encontren nos supostos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Presentación de solicitudes, prazo e documentación*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.



2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica da Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

As solicitudes para a concesión das axudas, independentemente da forma de presentación, irán acompañadas da seguinte documentación xeral, que só se presentará unha vez, no caso de varias solicitudes da mesma editorial, en orixinal ou fotocopia compulsada:

a) Fotocopia do DNI, NIE ou equivalente, orixinal ou debidamente compulsado ou cotexado, só no caso de que non autorice o solicitante a súa consulta. O solicitante poderá autorizar a Secretaría Xeral de Cultura para o acceso de oficio aos datos de verificación da súa identidade, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro. Se é unha editorial estranxeira, deberá enviar a documentación identificativa propia do seu país.



b) Fotocopia do NIF da entidade, só no caso de que non se autorice a súa consulta.

c) Acreditación da personalidade do solicitante e da súa representación, mediante fotocopia da escritura pública de constitución ou modificación, se é o caso, da sociedade, e do poder notarial correspondente, ambos os dous documentos debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no rexistro que corresponda, de non ser sociedade mercantil.

Deberá acreditarse o obxecto social do solicitante mediante documento de alta na epígrafe correspondente á edición de libros do IAE, só no caso de que a persoa interesada denegue a súa consulta.

Os solicitantes estranxeiros deberán presentar a documentación equivalente que acredite a condición de editor, conforme as exixencias da lexislación vixente no país do solicitante.

d) Fotocopia do último recibo do imposto de actividades económicas, certificado de exención, no caso de proceder, ou declaración xurada de tal exención.

e) O catálogo actualizado da produción realizada pola editorial ou indicación da páxina web onde se poida consultar, e declaración do número de obras en galego que figuran no catálogo da editorial.

3. Polo que se refire especificamente ás obras que se proxecte traducir, é preciso achegar a seguinte documentación:

a) Calendario de investimentos para desenvolver cada proxecto editorial.

b) Modelo de contrato que a editorial asinaría co tradutor da obra, conforme o establecido na Lei de propiedade intelectual, no cal debe constar o importe da tradución.

c) Un exemplar completo da obra para a que se solicite a axuda e declaración do número de edicións en calquera lingua en que fose editada.

d) Xustificante de ter os dereitos precisos para a publicación da obra. No caso de ser de dominio público a obra, farase constar este aspecto e indicarse a data de falecemento do autor, se é o caso.

e) Plan de distribución previsto, baseado na realidade da editorial ou, se for o caso, con xustificación das expectativas.

CVE-DOG: wixrcv6-iyot7-dsw7-hrs7-phhwzxnk7qs1



f) Currículo do tradutor, con indicación dos proxectos en que acredita a participación, número de obras traducidas, premios...

g) Memoria explicativa referida ao interese do proxecto para a cultura galega.

h) ISBN da primeira edición da obra.

4. Coas solicitudes das persoas interesadas deberanse achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

5. A documentación relacionada nas alíneas a) e b) poderá substituírse por unha declaración de presidente ou director da editorial, no caso de editoriais estranxeiras non procede a documentación da alínea c).

6. A Secretaría Xeral de Cultura poderá pedirles aos solicitantes que acheguen a documentación complementaria ou orixinais que considere necesarios para acreditar os datos que figuren na solicitude, incluídos albarás, facturas, certificados de tiraxe e de distribución, etc.

7. Os beneficiarios das axudas terán a obriga de facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

8. A documentación que se achegue coa solicitude debe vir obrigatoriamente nunha das dúas linguas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución, certificada polo solicitante, que será responsable da veracidade da tradución.

CVE-DOG: wixrcv6-iyot7-dsw7-hrs7-phhwzxnk7qs1



Artigo 5. *Autorización*

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento e deberá presentar, entón, a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

Artigo 6. *Emenda das solicitudes*

Se a documentación presentada é incompleta ou presenta erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, rectifique a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se terá por desistido da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Instrución do procedemento e selección das solicitudes*

1. Correspóndelle á Secretaría Xeral de Cultura a instrución do procedemento de concesión de subvencións e desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2. A comisión avaliadora a que fai referencia o punto 2 do artigo 1 estará constituída polos seguintes membros:

- Presidenta: a persoa titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas.
- Secretario/a: un/unha funcionario/a de carreira da Subdirección Xeral de Bibliotecas, nomeado/a pola persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura.
- Vogais:
 - A persoa titular da xefatura do Servizo do Sistema de Bibliotecas e persoa titular da xefatura do Servizo do Libro e Publicacións.



- Unha persoa experta por proposta do Consello da Cultura Galega.
- Dúas persoas expertas por proposta das asociacións de tradutores ou de institucións relacionadas co mundo da tradución.
- Unha persoa experta designada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura en literatura, ensaio, pensamento e ciencia.
- Un funcionario de carreira da Subdirección Xeral de Bibliotecas.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión, poderá ser substituído por outra persoa que, para o efecto, designe a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura.

3. Esta comisión valorará os expedientes conforme os seguintes criterios, por orde decrecente de prioridade e coas puntuacións máximas que figuran na relación:

1) Número de edicións da obra que se vai traducir en calquera lingua:

- a) Entre 2 e 5 edicións: 10 puntos.
- b) Entre 6 e 8 edicións: 13 puntos.
- c) Entre 9 e 12 edicións: 15 puntos.
- d) A partir de 13 edicións: 1 punto máis por cada 5 edicións, ata un máximo de 20 puntos.

Máxima puntuación nesta epígrafe: 20 puntos.

2) Actualidade da obra:

Para obras editadas orixinariamente nos últimos 10 anos: 10 puntos. Acreditarase unha tiraxe mínima de 500 exemplares.

Máxima puntuación nesta epígrafe: 10 puntos.

3) Para obras con dereitos de propiedade intelectual vixente: 5 puntos.

Máxima puntuación nesta epígrafe: 5 puntos.



4) Para a tradución de obras redactadas orixinariamente en galego:

Presenza de obras galegas no catálogo editorial: 5 puntos cando apareza un mínimo de 10 títulos, e 0,25 puntos máis por cada título a maiores do mínimo de 10, ata un máximo de 10 puntos.

Máxima puntuación nesta epígrafe: 10 puntos.

5) Currículo da persoa responsable da tradución e estimación da calidade previsible no seu labor, consonte a calidade e a solvencia estimadas polas persoas expertas:

a) Proxectos editoriais en que estea acreditada a súa participación: ata 10 puntos.

b) Calidade estimada da súa traxectoria como tradutor ou tradutora: ata 10 puntos.

c) Premios, distincións e recoñecementos obtidos no ámbito específico da tradución: ata 5 puntos.

Máxima puntuación nesta epígrafe: 25 puntos.

6) Plan de distribución declarado e ponderación da súa viabilidade:

a) Impacto previsible no mercado: ata 5 puntos.

b) Distribución en librarías ou distribuidoras de toda Galicia ou outra comunidade autónoma: 4 puntos.

c) Distribución en librarías de todo o Estado español: 4 puntos.

d) Distribución en librarías doutro país: 3 puntos.

e) Distribución en formato electrónico: 3 puntos.

f) Outro tipo de canle de distribución ou áreas de interese: 1 punto.

Máxima puntuación nesta epígrafe: 20 puntos.



7) Interese do proxecto para a cultura galega:

Nesta epígrafe as persoas expertas terán en conta a contribución do proxecto aos seguintes aspectos:

a) Difusión do patrimonio cultural galego, nas súas diversas manifestacións, referidos á persoa do autor ou autora da obra, á súa vixencia e á súa influencia sociocultural: ata 10 puntos.

b) Contribución da obra á difusión da imaxe de Galicia como sociedade avanzada: ata 10 puntos.

Máxima puntuación nesta epígrafe: 20 puntos.

As solicitudes que se axusten aos requisitos establecidos nesta convocatoria valoraranse de acordo cos criterios antes detallados e a repartición económica realizarase proporcionalmente ás puntuacións obtidas, cos límites establecidos no artigo 2.

Realizada a avaliación, a comisión redactará un informe co resultado desta e será elevado ao órgano instructor. Este elevará o dito informe xunto coa proposta de resolución á persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura, quen resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a esta, o órgano instructor poderá formular proposta de resolución complementaria e adxudicar o importe dispoñible ás solicitudes valoradas pola comisión e que non alcanzasen axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación establecida.

Artigo 8. *Resolución*

A persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura, por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de 15 días desde a elevación da proposta de resolución, ditará a resolución de concesión de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Deberá comunicarse por escrito ao beneficiario o importe da axuda (en equivalente bruto de subvención) e o seu carácter de «axuda *de minimis*» exenta en aplicación do



Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1).

Artigo 9. *Notificación e desestimación*

O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

O vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución expresa faculta o interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 10. *Aceptación, xustificación e pagamento*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios dispoñerán dun prazo de 10 días para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante do beneficiario.

2. A contía correspondente á primeira anualidade (45 % do orzamento total) librarase antes do 1 de novembro de 2016, tras a aceptación da axuda por parte do beneficiario e da entrega dunha fotocopia compulsada do contrato asinado co tradutor, que terá data posterior á publicación desta orde no DOG. Para o pagamento da segunda anualidade (55 % do orzamento total) debe presentarse, antes do 1 de novembro de 2017, a factura xunto co xustificante do pagamento realizado ao tradutor, e cinco exemplares da tradución editada, a factura e o xustificante de pagamento á imprenta, onde quede acreditado que a tiraxe se corresponde co manifestado na solicitude.

No caso de que a editorial conte cun equipo propio de tradución, acreditará que a persoa responsable da tradución está incluída no seu cadro de persoal, nunha categoría que a habilite para o exercicio de tal labor.

3. Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

– Xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo polo portelo, certificación bancaria), en que conste o número da factura obxecto do pagamento.



– Identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda.

– Identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa e entidade que emitiu a factura.

4. Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, non supere os 1.000 €. Neste caso, o pagamento xustificárase mediante a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión «Recibín en metálico».

5. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se efectúe ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A Secretaría Xeral de Cultura poderá requirir en todo momento calquera documentación que considere oportuna para a xustificación da axuda.

Cando as actividades sexan financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11. *Obrigas dos beneficiarios*

1. Os beneficiarios desta axuda quedan suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os beneficiarios da subvención farán constar en toda a comunicación e publicidade xerada o seguinte texto: «Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2016», e cumprirán, así mesmo, coa normativa vixente exixida para o depósito legal.

CVE-DOG: wliixrcv6-iyot7-dsw7-hrs7-phhwzxnk7qs1



3. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o peticionario deberá presentar unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

4. Os beneficiarios desta axuda deberán presentar a documentación xustificativa de que a obra subvencionada foi editada, onde conste expresamente o número de exemplares editados. O órgano instructor poderá comprobar, a través das canles habituais de distribución, que as obras se encontren realmente inseridas no mercado editorial galego ou dos ámbitos para os que estiver destinado o proxecto subvencionado, e requirir, de ser o caso, a xustificación acreditativa deste aspecto.

5. Os beneficiarios deberán dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Artigo 12. *Reintegro da axuda e procedemento sancionador*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que o beneficiario da axuda incumpra algunha das condicións ou obrigacións estipuladas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria instruirá o correspondente expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, citada no punto anterior.

3. Toda alteración das condicións observadas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 13. *Recursos*

Contra os actos resolutivos que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñer o interesado recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da notificación da resolución, ou



potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 14. *Publicidade*

1. Os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención, ao abeiro do disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

3. As entidades solicitantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios, creado polo artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as axudas outorgadas ao abeiro desta orde.

4. De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido desta convocatoria será publicado na Base de datos nacional de subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Artigo 15. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo

CVE-DOG: wixrcv6-iyot7-dsw7-hrs7-phhwzxnk7qs1



tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado: «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico: sxt.cultura.educacion@xunta.es.

Disposición derradeira primeira

Facúltaselle a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura, no ámbito das súas competencias, para as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: wixrcv6-iyot7-dsw7-hrs7-phhwzxnk7qs1





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O LIBRO GALEGO, NO QUE SE REFIRE Á TRADUCIÓN PARA OUTRAS LINGUAS DE OBRAS PUBLICADAS ORIXINARIAMENTE EN GALEGO E Á TRADUCIÓN PARA O GALEGO DE OBRAS PUBLICADAS ORIXINARIAMENTE NOUTRAS LINGUAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT221C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---------------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA

CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

PARROQUIA	LUGAR

TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA

CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

PARROQUIA	LUGAR

TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA
TÍTULO DA OBRA

AUTOR	TRADUTOR

PREVISIÓN DE TIRAXE	NÚMERO DE CARACTERES	IDIOMA PARA O QUE SE TRADUCE	PREZO DE VENDA AO PÚBLICO (IVE incluído)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA
1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención.
☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

- | | |
|--------------------------|---|
| ☐ | Calendario de investimentos para cada proxecto editorial |
| ☐ | Modelo de contrato que se asinaría co/coa tradutor/a da obra, no que debe constar o importe da tradución |
| ☐ | Exemplar completo da obra para a que se solicite a axuda, xunto co que se indicará o número de edicións en calquera lingua na que se editase |
| ☐ | Xustificante de ter os dereitos precisos para a publicación da obra. No caso de ser de dominio público, indicar a data de falecemento do/da autor/a |
| ☐ | Plan de distribución previsto ou xustificación das expectativas |
| ☐ | Currículo do/da tradutor/a |
| ☐ | Memoria explicativa referida ao interese do proxecto para a cultura galega |
| ☐ | ISBN da 1ª edición da obra, certificado de tiraxe ou declaración de ter unha tiraxe mínima de 500 exemplares |
| ☐ | Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta |
| ☐ | Copia do DNI ou NIE da persoa representante, só no caso de non autorizar a súa consulta |
| ☐ | Documento de estar dada de alta no IAE para a persoa solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta |
| ☐ | Copia do último recibo do imposto de actividades económicas |
| ☐ | Catálogo actualizado da produción editorial ou páxina web onde estea aloxado. Indicarase o número de obras galegas que figuran nel |

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
☐ Copia do NIF da entidade solicitante, só no caso de no autorizar a súa consulta	☐			
☐ Copia da escritura pública de constitución/modificación	☐			

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorrerón máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

☒ SI ☐ NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

☒ SI ☐ NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de validación do NIF de persoas xurídicas que constan en poder da Axencia Estatal de Administración Tributaria, de conformidade co artigo 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

☒ SI ☐ NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.es.




**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIAANEXO I
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 5 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o libro galego, no que se refire á tradución a outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego e á tradución ao galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral de Cultura

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>